

Un día veu buscarme a miña avoa á parada do autobús, porque os meus pais non podían. Entón de camiño para a casa, fomos por un lugar para chegar antes e facer os deberes de coñecemento do medio.

Andabamos polo camiño cando atopamos un caseto pequeno e estreito cun símbolo dun sol na porta iluminado. Eu preguntei que era iso, e a miña avoa non o sabía. Entón como tiñamos curiosidade decidimos entrar e mirar. A porta estaba aberta, entramos e puidemos ver unha especie de casas de pedra con tellado de palla. Pregunteille á miña avoa que era iso e ela respondeume que eran uns castros onde vivían antes as persoas. Seguimos andando e a miña avoa mandoume parar, eu díxenlle porque parabamos e ela díxome que viña un carro. Pregunteille que era un carro e ela respondeume que servía para transportar cousas que e arrastrado por vacas. Pasou o carro e puidemos seguir andando, paramos cerca dun castro e pregunteille porque tiñan o tellado de palla, ela respondeume que era para que cando chovía a auga esvarara e non lles chovera dentro. Puidemos ver outro caseto pero esta vez co debuxo dunha estrela, entramos e vimos un Castelo enorme. Era increíble en cada porta que abriamos dos casetos levábanos a un sitio distinto e a unha época diferente.

O Castelo era enorme rodeado por un río, eu estrañábame por qué tiñan un río rodeando o Castelo. Pregunteille a miña avoa por qué o tiñan e respondeume que era para que os intrusos non puideran pasar igual que o muro, tamén díxome que a porta xigante estaba aberta para que os que viven no Castelo poidan pasar e cando está cerrada e para que os intrusos non pasen.

O lugar era marabilloso eu non facía máis que mirar ao meu arredor, cando volvían a ver outro caseto con outra porta, avisei a miña avoa e alá fomos.

Estramos e volvemos a nosa era, xustamente na casa. Era extraordinario que por eses casetos se poida ir a outra era.

Facíase-me tarde para facer os deberes e entón púxenme a elo , curiosamente nos deberes había preguntas sobre os castros e os castelos, eu entón empecei a pensar que o viaxe que tivemos eu mais miña avoa foi imaxinación miña ou unha realidade, o que si sei e que foi marabillosó facer ese viaxe ca miña avoa.

④ 5°-A